

CONCURSO DE DEBUXO para A IMAXE DA ANPA ALBORADA

Tema:

O tema do concurso é **deseñar unha imaxe para a ANPA ALBORADA do COLEXIO VIRXE MILAGROSA**. Deberá ser un deseño que se poida reproducir nun pequeno tamaño sen ser excesivamente confuso.

Participantes:

Poderán participar tod@s @s alumno@s e familias de alumn@s do centro. Cada participante só poderá presentar un debuxo, según formato e técnica que se explican a continuación. Todos os traballos presentados poderán empregarse en calquera das publicacións impresas ou dixitais do centro, ou da ANPA con mención do autor/a.

Formato e Técnica:

Presentarase un único debuxo por alumno, que deberá ser orixinal e inédito. Calquera técnica é válida: lápices de cores, ceras, rotuladores, acuarelas, collage, etc. O tamaño máximo dos debuxos limitaráse ao **formato DIN-A5 (157.5mm x 215mm)(medio folio)**, sen dobrar e sen relevos para facilitar a posterior dixitalización, e poderán presentarse en papel ou cartulina, os dous materiais poden ser brancos ou de cores.

O anonimato das obras manterase en todo momento ata que se elixa o debuxo gañador, polo tanto:

O debuxo gardarase nun sobre tamaño A5 de cor branca, que se facilitará no centro a quen o solicite, sen ningunha inscrición nin marca. Os datos de identidade do alumno (nome completo e curso) deberán ir á súa vez nun sobre pechado dentro do anterior, **NUNCA Á VISTA.**

Cando se recolla non se colocará ningún tipo de marca no sobre e só o abrirá o xurado o día que vaia escoller o debuxo gañador. Para identificar o autor das distintas obras na parte traseira do debuxo, poñerase un número correlativo á obra poñerase no exterior do sobre onde van os datos, que non se abrirá ata que o xurado concluía a deliberación.

Descartarase calquera debuxo co nome exposto.

Premios:

Establencese tres premios, un primeiro que ademáis de ser elixido como a imaxe da ANPA obterá un premio valorado en 40€ (aprox.), segundo 20€ (aprox.), e terceiro 10€ (aprox.) e consistirán en diferentes regalos coa imaxe da anpa serigrafiada.

O debuxo gañador anunciaráse logo da decisión do xurado, e o premio outorgarase posteriormente.

Prazo e lugar de entrega:

Prazo. Ata o 9 de Novembro do 2021 .

Lugar de entrega. Ao titor/a, que gardará os debuxos e sobres por separado.

Xurado:

Estará composto por un profesor do colexio virxe milagrosa, así como pola directora do devandito centro, dous membros da AMPA, o artista Marc Taeger e un membro de goberno do concello de Bueu.

Selección de gañadores:

A decisión do xurado tomarase o 12 de Novembro de 2021. O debuxo ganador publicárase no Facebook do ANPA e comunicáraselle ao seu autor.

Dereitos: A participación no concurso implica a transferencia das imaxes das obras a favor da ANPA Alborada para a súa reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación, para os efectos relacionados coa súa actividade, e citando, nos casos que sea posible, o nome e apelidos do autor. O debuxo gañador pasará a ser propiedade da **ANPA Alborada, que o utilizará como imaxe.** Todos os debuxos presentados ao concurso que non foron premiados, poderán ser recollidos ata o 30 de Novembro do 2021. A partir desa data todos os debuxos que non foran recollidos polos seus propietarios serán destruídos.

Aceptación: A participación neste concurso implica a aceptación de todas e cada unha das bases do concurso e a decisión final do xurado.

Nesta actividade colaboran o Concello de Bueu, Marc Taeger e o Colexio Virxe Milagrosa.